

Esta semana imos repasar a puntuación textual. Antes de facer os exercicios propostos, repasa as regras.

EXERCICIOS

1.-Pon as comas que cumbran nas frases seguintes.

- a) Para ser un atleta completo cómpre ter resistencia potencia elasticidade e moita constancia nos adestramentos.
- b) que se deita con cans érguese con pulgas.
- c) Betanzos O Carballiño Monforte de lemos Lalín e Padrón son importantes vilas galegas.
- d) Helena Rodríguez do Universitario de Santiago quedou primeira nos cen metros valados e a inglesa Starfield segunda.
- e) En efecto esta clase é a mellor do colexio.
- f) Pedro se me volves facer o mesmo outra vez tereiche que cortar as unllas.
- g) Sacaron dos armarios vellos vestidos.
- h) As dunas de Corrubedo no Suroeste da provincia da coruña conforman unha paraxe de extraordinaria fermosura.

2.-Coloca correctamente as comas e punto e coma que faltan nas seguintes frases.

- a) Veu o electricista o fontaneiro e mailo pintor pero os albaneis non apareceron.
- b) Fíxeno porque me atopei mozo e forte sobrábanme folgos para todo.
- c) É unha rapariga fermosa pero frívola fala moito pero non sempre ó caso.
- d) Gústanme as vilas pequenas e tranquilas non soporto as cidades ruidosas.
- e) Ás nove en punto viñéronnos buscar saímos correndo con todas as maletas e montamos no coche.
- f) Primeiro ofreciánnos mil pesos despois dous mil e ó final sacámoslles catorce mil pesetas.

3.- Puntúa correctamente.

- a) Narrar é contar ou referir feitos que poden ser reais ou imaxinarios a narración é unha das formas de elocución máis antigas e de mayor tradición literaria.
- b) Saíron sen facer ruído e puxéronse en camiño ó día seguinte os mozos notaron a súa falta.
- c) Despois de todo mandar queimar vivo a un home polas súas conxecturas é valoralas a un prezo altísimo.
- d) Entre as características da linguaxe comercial podemos destacar a claridade a precisión e a corrección a claridade é a condición máis importante dun escrito comercial...
- e) En cousa de poucos meses o breixo curou de todo.

4.-Completa os enunciados seguintes cos puntos, comas, puntos suspensivos, etc. Que sexan necesarios.

- a) Gústame moito o poema de Celso Emilio que di Lingua proletaria do meu pobo.
- b) Non dixo nin que si nin que non pero a cara que puse
- c) Xa se sabe que iso era o que menos nos convida pero quen llo dicía a el
- d) Vouche mercar un reloxo non mellor un bolso ou unha carteira
- e) Tiño tan ben preparado e suspendeu
- f) Alí estaba Xoán María o Luís eu que sei quen alí estaba
- g) Está ben voucho contar pero non llo digas a ningún.

5.-Puntuá o texto seguinte:

A CAPOEIRA

Armose unha festa do demo eu digo a verdade estaba borracho pero aínda que estíbese sereno faría outro tanto o Perucho xa non se tiña de pé e ríase mira que lembrarte do burro entón foi cando me veu a idea á cabeza pregunteille sabes a capoeira perucho respondeu sei logo imos botar unha imos fomos el estaba vello e xa non sabía non podía coas pernas pegueille un golpe e chimpeino patas enriba ergueuse e dixo outra vez funme achegando pegueime a el saquei a subela e metinlla aquí na virilla despois tirei para arriba ata sentir as mans quentes de sangue cabíalle un puño polo buraco caeu redondo ninguén dixo nada naquel momento abría a quen fose a min chulos non.

**Carlos Casares: Vento ferido.
Galaxia**